



O CAZATESOUROS

Posto que xa non podo volver atrás, avanzo cara diante seguindo estas misteriosas pegadas. Cheguei a unha cámara decorada con estatuas, moitas cores e signos que para calquera outro serían indescifrables, pero para min, que estudei arqueoloxía antiga, non o son. Dispóñome a ler o máis rechamante e di o seguinte: "Todo aquel que ouse entrar na pirámide corre un grande perigo de morte, xa que nela agáchanse moitas trampas e unha maldición."

Acabo de activar unha das trampas ó pisar unha lousa e as paredes da cámara fanse cada vez máis e máis pequenas. Van esmagarme, estou desesperado, sei que vou morrer.

¡Non! ¡Estou salvado! nunha das paredes abriuse unha porta, pero vin pasar a traveso dela algo que parecía un fato de teas sucias e farrapentas. A pesar de todo e do asustado que estaba, saín pola porta e menos mal que tiña a lanterna, porque o pasadizo que viña a continuación tamén estaba moi escuro. Comecei a camiñar pensando na posibilidade de saír daquela trampa mortal, cando de improviso escoito un grande estrondo e vexo unha rocha rodando cara a min.

Comezo a correr sen saber a onde e atópome sen saber como na gran cámara real coa pedra que antes me perseguía chantada na entrada, obstruíndo a única saída. Na cámara hai unha grande cantidade de obxectos de ouro e pedras preciosas, sen dúbida un grande tesouro para min, se logro saír vivo de aquí. Acabo de fixarme en que, situada nun oco da parede, está a estatua de ouro que viñeramos buscar Sydney mais eu. Por certo, pregúntome que sería dela.

Antes de poder chegar ata estatua hai un ataúde de ouro macizo. Movidio pola curiosidade, dispóñome a abrir a súa pesada tapa e ver o que... ¡Meu Deus!, inon! inon!, ié imposible! Dentro do ataúde e medio espida está a miña fermosa e doce Sydney, cunha espada cravada entre os seus ensanguentados peitos. Deixo caer a tapa de súpeto e isto orixina un grande eco, producido polas grosas paredes da sala que axudan aumen-

tar máis o meu terrorífico medo porque ¿quen ou que podería asasinar así a Sydney?

Máis sereno e máis tranquilo dispóñome a saír de aquí con todo o que poda levar na miña mochila e ¿que é iso? Abriuse unha porta nunha das paredes e... ¡ou, non! inon! ¡Deus, ten piedade de min!

- Visto isto ¿que opina, capitán?

- Pois a verdade non o sei, Joe, a última páxina do diario está ensanguentada e atoparon dous cadáveres aí dentro, ¿non si?

- Si, capitán, unha muller cunha espada cravada ni peito e un home coa cabeza machucada e xunto a el só teas ensanguentadas.

- Pois temo, meu querido Joe, que nunca saberemos o que lles ocorreu a eses dous intrépidos cazatesouros.

FIN

Carmen Vázquez Pintor.
S4C.

